



Luis Menéndez Villalva
Ourense, 28/02/1959.

Licenciado en Xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid (1976-1981) foi galardoado co Premio Galicia de Xornalismo pola serie de Televisión de Galicia, "Galicia no Mundo" (1986-1991). De 1994-2000, dirixiu o programa "Galeguidade" da TVG. Como director de ambos espazos percorreu oitenta e seis países. Especialista no mundo da diáspora galega, Luis Menéndez escribiu "Vida e Viaxes na Galeguidade" (Xunta de Galicia, 1997) e "Toda a Terra é dos Homes" (Editorial Galaxia, 1993), unha obra que o Dicionario da Literatura galega describe como "importante contribución á recuperación dun fenómeno esencial para comprender a identidade de Galicia".

Profesional multimedia, traballou durante a súa primeira etapa en Madrid, en revistas como "Ciudadano" e "Posible", xornais como "El País" e axencias como "Europa Press" e "Colpisa". Empezou na prensa galega no xornal "La Rexión" (1979-81) e na emisora local de Radio Ourense-SER.

Máis tarde trasladouse a A Coruña e Santiago de Compostela, onde exerceu de redactor en "El Ideal Gallego" (1982) e na emisora central da SER en Galicia: "Radio Galicia" (1982-85). Tamén colaborou con Radio Nacional de España desde a súa sede en Santiago, e en Radio 80, na Coruña.

Desde a súa creación, en 1985, formou parte do equipo pioneiro que puxo en marcha a Televisión de Galicia, na que tivo diferentes cargos profesionais como Editor, Coordinador-Xefe, Xefe de Sección, Coordinador de espazos de reportaxes ("Outra Xeira", "Informes TVG" e "Enfoques") e Director de novos programas como "Europa", primeira emisión semanal española sobre o impacto da adhesión de España a Unión Europea (1986), ou "Contraño" programa de debates en directo en hora de máxima audiencia.

Viaxeiro vocacional, viaxa por países dos cinco continentes. Como coñecedor do Camiño de Santiago, que realizou enteiramente a pé, a partir de Saint Jean Pied de Port (Francia), no Ano Santo de 1982, foi galardoado co Premio Nacional para escritores e xornalistas Álvaro Cunqueiro" instituído polo Ministerio de Turismo por unha serie de reportaxes publicadas no xornal "La Rexión" de Ourense.

Entre os anos 2000/03 foi autor de "Terras de Merlín", unha coproducción documental de TVG-FARO TV. Foi unha serie de 13 documentais etnográficos sobre as realidades e lendas, culturas, linguas e xentes das chamadas Oito Nacións Celtas de Europa Occidental: Irlanda, Escocia, Illa de Man, Cornualles, Gales, Bretaña, Asturias e Galicia.

Durante 2003/04 realizou a serie de 13 documentais "Terras do Leste", que foi unha achega a os dez novos membros da Europa oriental que se sumaron a Unión Europea, e dicir: Polonia, Estonia, Letonia, Lituania, República Checa, Eslovaquia, Hungría, Eslovenia, Malta e Chipre

Completa a triloxía de documentais etnográficos "Terras de Acolá" gran produción que ocorreu entre 2004/2008 e abarcou Portugal e os chamados oito países da CPLP (Comunidade dos Países de Língua Portuguesa), a saber: Cabo Verde, San Tomé e Príncipe, Guinea Bissau, Angola, Mozambique, Portugal, Brasil e Timor Leste.

As ultimas produccións foron os documentais "O home dos moitos saberes" dedicado a X.M.Alvarez-Blázquez e "O home de Xelmírez" dedicado a Ramón Piñeiro, ambos sobranceiros autores galegos os que se lles dedicaron as Letras Galegas dos anos 2008 e 2009, respectivamente. Asemade, fixo en Cabo Verde "O Fillo do Mar" (2009), unha investigación histórica sobre as sorprendentes consecuencias do naufraxio dun barco de emigrantes galegos naquelas illas, en 1865. No ano 2010 realizou reportaxes sobre os Camiños de Santiago para o programa cultural "Eirado" na TVG e dirixiu o espazo de documentais e debate "Galicia.DOC", así como colaborou activamente no departamento de Informativos.

Ten estudos de Dereito, e Linguas (Inglés, Francés, Portugués, Castelán e Galego).

É presidente da Asociación de Xornalistas de Santiago de Compostela (APSC) e vocal no comité directivo da Federación de Asociacións de Xornalistas de España (FAPE), encargado das Relacións Internacionais e representante español na International Federation of Journalists (IFJ).

Casado, dous fillos.